

XII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE O CORGO- **MEMORIAL QUIQUE CASANOVA**



REGULAMENTO

Artigo 1: Organización:

O Concello de O Corgo organiza a **XII Carreira Popular Concello de O Corgo-Memorial Quique Casanova**, patrocinada por Grupo Leite Río. A proba organizarase o vindeiro **Sábado 16 de Outubro**, con saída e meta nas instalacións da Praia fluvial do Río Chamoso do Concello de O Corgo.

Artigo 2: Participación:

A proba estará aberta a tódolos atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. Cada atleta participa baixo a súa responsabilidade e dispón de unha condición física suficiente para rematar a proba.

A Carreira cumprirá en todo momento coas recomendacións establecidas para eventos e actividades deportivas no contexto da nova normalidade provocada pola COVID-19, partindo do protocolo FÍSICOVID-DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte con data do 9 de xuño de 2021, e en función da evolución da pandemia estará sometida, en todo caso, ao cumprimento das normas de prevención da COVID19 que establezan as autoridades sanitarias en cada momento. Polo que a organización, por causas de forza maior, reservaranse o dereito de realizar os cambios que sexan necesarios.

Artigo 3: Percorrido, categorías, distancias e horarios: **NOVO PERCORRIDO** (adxúntase plano do percorrido)

O **circuíto de 10.5 km** será sobre terra na súa maioría e estará pechado a todos os vehículos agás os autorizados pola organización. O percorrido estará controlado por vehículos da organización. A saída da proba e a meta será na Praia fluvial do Río Chamoso.

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	HORARIO	DISTANCIA
PITUFOS	(2015 e posteriores)	17.15 h	150m
PROMOCIÓN	(2012-2014)	17.20 h	400m
SUB 12	(2010-2011)	17.30 h	1800m
SUB 14	(2008-2009)	17.30 h	1800m
SUB 16-18	(2004-2007)	17.30 h	1800m
SUB 20-23	(1999-2003)	17.50 h	10500m
SENIOR	(1987-1998)	17.50 h	10500m
MASTER A	(1979-1986)	17.50 h	10500m
MASTER B	(1971-1978)	17.50 h	10500m
MASTER C	(1970 e anteriores)	17.50 h	10500m

Artigo 4: Peche de control:

O **control de chegada** na proba absoluta **pecharase 70' despois da saída** da mesma.

Artigo 5: Inscripción:

A **inscripción** farase exclusivamente a través da páxina da Federación Galega de atletismo www.carreirasgalegas.com

Os dereitos de inscrición terán un custe de 5€ ata o 10 de outubro; do 11 ao 13 de outubro o custe será de 10€.

Os datos necesarios para a inscrición son: nome e apelidos, NIF, sexo, data de nacemento, enderezo, concello de empadramento, teléfono móbil, correo electrónico e club. Tamén deberán sinalar se corre como popular ou federado, e neste caso facilitarase o número de licenza e o clube.

Artigo 6: Condicións de Participación:

- As inscricións faranse a través da paxina web da Federación Galega de Atletismo. www.carreirasgalegas.com
- **A inscrición pecharase o mércores 13 de outubro ás 23:59 horas.**
- A inscrición na proba é persoal e intransferible.
- A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón:
Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.
- No caso de que xurda algunha dúbida ou discrepancia acerca do regulamento, a decisión quedará en man da organización.
- A proba estará controlada pola Federación Galega de Atletismo, e estarán capacitados para descualificar a calquera atleta que incumpra o regulamento.

Serán motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:

- Non respectar as indicacións dadas pola organización.
- Non realizar todo o circuíto da carreira.
- Non levar o dorsal ou a manipulación do mesmo.
- Falsificar datos persoais.
- Todo o non disposto neste regulamento rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

Artigo 7: Retirada de Dorsais:

Os dorsais retiraranse o venres pola tarde e o sábado pola mañá na tenda de deportes de "Atmosphera Sport A Chaira" sita na rúa Salvador de Madariaga e o día da proba pola tarde na zona habilitada pola organización na zona de saída, ata 45' antes da saída da proba.

Para a recollida do dorsal será imprescindible a entrega da Declaración Responsable COVID19

Artigo 8: Premios:

- Trofeo aos tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta.
- **PREMIOS EN METÁLICO HOMES E MULLERES:**
 - Primeiro: 150 €
 - Segundo: 100 €
 - Terceiro: 75 €
- Trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría tanto masculinos como femininos.
- **Na categoría de PITUFOS darase medalla a todos os participantes. Non haberá trofeos para esta categoría nin se farán clasificacións.**
- Na categoría de PROMOCIÓN darase medalla a todos os participantes, así como trofeo aos tres primeiros clasificados tanto masculinos como femininos.
- **Entregarase un trofeo conmemorativo ao primeiro home e a primeira muller de cada categoría empadroados no Concello do Corgo.**
- A entrega de premios será na zona de meta. A cerimonia de premiación das carreiras de menores serán ás 18.00h. A cerimonia das carreiras de adultos será ás 19.00h.

Artigo 9: Servizos para os participantes:

Os participantes gozarán dos seguintes servizos antes, durante e despois da carreira.

1. Aparcadoiro gratuito.
2. Baños na zona de saída-chegada.
3. **Camiseta para todos os participantes.**
4. Recollida de dorsais, imperdibles e chips.
5. Vestiarios e duchas (a disposición da normativa vixente) nas instalacións da praia fluvial.
6. Avituallamento ao final de cada carreira para todos os participantes.
7. Avituallamento líquido no km 5 para a carreira de adultos.
8. Ambulancia con médico (todos os accidentes acontecidos deberán ser previamente informados ao organizador da proba e o traslado do ferido, se fose necesario, será para os centros sanitarios que teñan convenio coa compañía de seguros que corresponda).

Artigo 10: Seguro:

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.

Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

Organiza: Concello de O Corgo



Patrocina: Grupo Leite Río



Colaboran: Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, Federación Galega de Atletismo (Delegación de Lugo), Torre de Núñez, Correduría de seguros Nubeiro, Limpergal.



Cooorganiza:

